

**Convocatoria:** Data DOG: 13/03/2020 - Servizo: S  
**Corpo:** 592 - Profesores de escolas oficiais de idiomas  
**Especialidade:** 011 - Inglés  
**Tribunal:** 1

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PRIMEIRA PROBA**

*DATA PUBLICACIÓN: [16/06/2021]*

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PRIMEIRA PROBA**

#### **1. CUALIFICACIÓN DA PRIMEIRA PROBA (Quendas D e L)**

A primeira parte e a segunda parte da proba (Parte A e Parte B) cualificaranse de 0 a 10 puntos. Para superar esta proba o persoal aspirante deberá obter unha puntuación de polo menos o 25% do valor de cada unha das partes da proba e unha puntuación total, resultado de sumar as puntuacións ponderadas correspondentes ás dúas partes, igual ou superior a 5 puntos. De este modo, a Parte A terá un valor do 60%, e a Parte B, do 40% da cualificación global.

#### **2. CRITERIOS XERAIS (ata 5 puntos na Parte A e Parte B)**

- Aмосa dominio no uso funcional da lingua.
- Mostra dominio gramatical dun nivel de lingua complexo de forma natural.
- Domina un repertorio léxico variado e preciso, sen incorreccións.
- Le a tarefa con fluidez e naturalidade.
- Pronuncia de forma clara e natural.
- Utiliza correctamente a entoación e énfase para reforzar matices de significado e facer o discurso memorable.
- Desenvolve todos os apartados de forma fundamentada, estruturada e precisa.

#### **3. CRITERIOS ESPECÍFICOS**

##### **3.1 PARTE A (ata 5 puntos)**

##### **3.1.1 Tarefa de análise de texto (ata 2 puntos)**

- Identifica o tipo de texto e o xénero textual, as funcións comunicativas principais e secundarias, e os recursos estilísticos empregados do texto escrito. (ata 0,15 puntos)
- Organiza a análise do texto dunha forma ordenada, clara e eficaz. (ata 0,15 puntos)
- Comenta os aspectos morfosintácticos, fonolóxicos e semánticos do texto escrito. (ata 0,5 puntos)
- Utiliza exemplos relevantes extraídos do texto para fundamentar o comentario. (ata 0,2 puntos )

- Formula unha proposta de aplicación didáctica na aula do texto escrito indicando nivel, obxectivos a acadar, actividades a desenvolver e avaliación. (ata 1 punto)

### 3.1.2 Tarefa de comprensión oral (ata 2 puntos)

- Identifica e reproduce por escrito as palabras exactas extraídas do texto oral. (ata 0,75 puntos)

- Resume o contido do texto de xeito conciso, correcto e coherente, discriminando as ideas principais e secundarias. (ata 0,5 puntos)

- Reelabora e transmite o contido do texto de forma obxectiva, clara e eficaz. (ata 0,5 puntos)

- Estrutura en parágrafos e puntúa correctamente, recollendo a información de maneira idónea, lóxica e eficaz, facilitando a comprensión. (ata 0,25 puntos)

### 3.1.3 Tarefa de tradución (ata 1 punto)

- Traduce textos de prosa actual conceptualmente complexos, trasladando de maneira fidedigna o contido da fonte proposta e respectando os seus trazos característicos (estilísticos, gramaticais e léxicos). (ata 0,5 puntos)

- Presenta unha estrutura coherente, cun perfecto encadeamento discursivo e ortografía e puntuación correctas. (ata 0,5 puntos)

Por cada erro descontarase 0,25 puntos.

### 3.2 PARTE B (ata 5 puntos)

- Selecciona e expón contidos adecuados ao enunciado do tema empregando unha extensa gama de vocabulario e un repertorio gramatical variado e complexo.

- Enlaza e cohesiona adecuadamente os contidos expostos nunha secuencia lóxica e ordenada.

- Presenta unha estrutura clara, precisa e coherente dos contidos a tratar empregando unha variedade de marcadores discursivos e unha redación ben articulada sen erros.

- Trata en profundidade e con detalle contidos relevantes e actualizados.

- Trata os contidos cunha perspectiva crítica.

- Sustenta o desenvolvemento do tema con exemplos, esquemas ou gráficos.

- Cita fontes diversas, contrastadas e fidedignas.